

ANEXO XV

EXPEDIENTE
CÓDIGO DO PROCEDIMENTO

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
BANCO		ENDEREZO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

_____, de _____ de _____

Sinatura do/da solicitante

Sinatura e selo da entidade financeira

Resolución do 6 de abril de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se ordena a inscrición e depósito no rexistro, e se dispón a publicación no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión paritaria do convenio colectivo autonómico de transporte de enfermos e accidentados en ambulancia, relativo á aprobación da táboa salarial para o ano 2010.

Visto o acordo polo que se aproba a táboa salarial para o ano 2010, que subscribiu a comisión paritaria do convenio colectivo autonómico de transporte de enfermos e accidentados en ambulancia, na xuntanza que tivo lugar o 23 de marzo de 2010, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

Esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición e depósito da dita revisión salarial no Rexistro Xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Tercero.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2010.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

Acta de xuntanza da comisión paritaria do convenio colectivo autonómico de transporte de enfermos e accidentados en ambulancia

En Santiago de Compostela, sendo as once quince horas do día dezasete de marzo de dous mil dez, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, sito na rúa Algalia de Abaixo, 24-baixo, reúnen as per-

soas abaixo sinaladas, en presenza do presidente do Consello Galego de Relacións Laborais, co obxecto de acordar as táboas salariais do ano 2010 do convenio colectivo autonómico de transporte de enfermos e accidentados en ambulancia.

-Representación empresarial:

Manuel Eduardo Quiroga Negreira.

Enrique Blanco Manzano.

Agustín Capón Moure.

Ramón González Doriz.

Armando Carballosa Fernández.

-Representación social:

*UGT Galicia:

Óscar Vázquez Vázquez.

Emilio Bahamonde López.

Miguel Ángel Reboiras Casais.

*SN de CC.OO. de Galicia:

Pedro A. Beade Roel.

Gerardo Rodríguez Iglesias.

Roberto Rodríguez García.

Marcos Pérez Rodríguez.

David Fernández Cora.

Ábrese a xuntanza intercambiándose entre as partes empresarial e sindical os incrementos salariais que, conforme o convenio colectivo en vigor, corresponden ao ano 2010. Acórdase aprobar as táboas salariais correspondentes ao ano 2010, encargando ao Consello Galego de Relacións Laborais os trámites de rexistro e depósito.

As táboas son as seguintes:

Táboa salarial ano 2010

Categoría	Salario base	Complemento convenio 4%	Complemento transporte 8%	Nocturnidade 20%
Conductor/a	1.068,33	42,73	85,47	1,73
Axudante	943,22	37,73	85,47	1,53
Padioleiro	880,73	35,23	85,47	1,42
Xefe/a de equipo	1.047,79	41,91	83,82	1,70
Xefe/a tráfico	1.147,13	45,89	91,77	1,86
Oficial administrativo/a	1.120,06	44,80	89,61	1,81
Auxiliar administrativo/a	948,47	37,94	75,88	1,53
Axudante mecánico	903,24	36,13	72,26	1,46
Mecánico/a	1.024,35	40,97	81,95	1,66
Chapista	984,57	39,38	78,77	1,59
Pintor	984,57	39,38	78,77	1,59
Xefe/a taller	1.097,02	43,88	87,76	1,77
Telefonista	957,44	38,30	76,59	1,55
Médico/a	1.878,79	75,15	150,30	3,04
D.U.E.	1.409,07	56,36	112,73	2,28
Director/a de área	1.718,31	68,73	137,46	2,78
Director/a	1.896,87	75,87	151,75	3,07
	<u>2010</u>			
Axudas de custo	12,20			
Nocturnidade	20%			
Domingos e festivos	13			
Nadal-Semana Santa	36			
Dispositivo localización	34,99			

E non tendo máis asuntos que tratar, remata a reunión, sendo as trece e quince horas do día sinalado no encabezamento, e redáctase para o efecto esta acta, que asinan todos os asistentes.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Orde do 25 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas en concorrencia competitiva para a implantación de servizos de xestión, substitución e asesoramento nas explotacións agrarias, e se convocan para o ano 2010.

Advertidos erros na devandita Orde do 25 de marzo de 2010, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 61, do 31 de marzo de 2010, cómpre facer as oportunas correccións:

-Na páxina 4.730, no artigo 5, o punto 10 queda redactado como segue:

«10. Dispoñer dun equipo técnico capaz de atender un volume de explotacións ou de hectáreas ou de animais, de acordo cos niveis sinalados no anexo V desta orde. Estes niveis poderán exceptuarse ou reducirse nas entidades nas que, por razóns excepcionais debidamente xustificadas, o soliciten ou que, por razóns de especial interese social, segundo a definición do artigo 2º desta orde, estea xustificado non ter en conta. No primeiro caso o Servizo Territorial de Explotacións Agrarias onde estea o domicilio social da entidade emitirá un informe sobre a pertinencia ou non desa excepción solicitada».

-Na páxina 4.731, no artigo 7, os puntos 4 e 5 quedan redactados como segue:

«4. Cando a data de inicio de actividade, segundo o sinalado no punto 5 deste artigo, sexa posterior á solicitude de axuda ao abeiro da convocatoria do ano correspondente, serán elixibles os contratos desde a data de inicio da actividade. Mentres que se fose anterior á convocatoria do ano en curso, entón os contratos serán elixibles desde a data da solicitude do mesmo ano.

5. A declaración de inicio da actividade realizárase presentando o anexo XI no prazo máximo de 3 meses, contados a partir da data da primeira contratación, sen prexuízo da data límite de formalización dos contratos sinalada na convocatoria de cada ano, para os efectos de recoñecemento de contratos subvencionables, sen superar en ningún caso a data establecida no artigo 16.2º».

-Na páxina 4.733, no artigo 11, o punto 8 queda redactado como se cita a continuación:

«8. Cando se produza a rescisión dun contrato para un traballador para o cal se concedeu subvención, este deberá substituírse no prazo dun mes, debendo o novo traballador manter as mesmas condicións contractuais do anterior para poder manter as axudas concedidas. Os datos do substituto e a copia cotexada do seu contrato remitiranse no prazo máis breve posible, sen superar os quince días desde a formalización do contrato, á Dirección Xeral de Producción Agropecuaria».